


..... Lección 2

E ti de quen vés sendo?

A familia



1 Bisavó

2 Bisavoa

3 Avó

4 Avoa

5 Pai

6 Nai

7 Tío

8 Xenro

6 Nora

10 Irmá/n

11 Prima/o-curmá/n

12 Sobriña/o

Contraccións coas preposicións

As preposicións *a*, *con*, *de* e *en* contraen co artigo determinado:

Artigo preposición	O	A	OS	AS
a	ao / ó	á	aos / ós	ás
con	co	coa	cos	coas
de	do	da	dos	das
en	no	na	nos	nas

As preposicións *con*, *de* e *en* contraen co artigo indeterminado:

Artigo preposición	UN	UNHA	UNS	UNHAS
con	cun	cunha	cuns	cunhas
de	dun	dunha	duns	dunhas
en	nun	nunha	nuns	nunhas

O posesivo

	UN POSUIDOR				VARIOS POSUIDORES			
	Masculino		Feminino		Masculino		Feminino	
	Singular	Plural	Singular	Plural	Singular	Plural	Singular	Plural
1ª persoa	meu	meus	miña	miñas	noso	nosos	nosa	nosas
2ª persoa	teu	teus	túa	túas	voso	vosos	vosa	vosas
3ª persoa	seu	seus	súa	súas	seu	seus	súa	súas

Funcións do posesivo

Son pronomes cando substitúen o nome (non levan artigo):

- Ese libro é meu.

Son determinantes cando acompañan o substantivo (deben levar artigo):

- O meu lapis.

Excepcións nas que non teríamos que empregalo

Cos nomes de parentesco, onde podemos empregalo ou non:

- Miña nai e meu pai viñeron onte.
- O meu pai e a miña nai viñeron onte.

En exclamacións:

- Meu Deus!

Nalgunhas frases feitas:

- Meu dito, meu feito.

Outros usos do posesivo

Para falar do conxunto de persoas que compoñen a familia:

- Os meus (a xente a miña familia) son os mellores.

Ou como apreciativo:

- A miña María é a mellor.



Verbo ser en pasado

Presente	Pretérito	Copretérito
son	fun	era
es	fuches	eras
é	foi	era
somos	fomos	eramos
sodes	fostes	erades
son	foron	eran



Ligazóns de interese

- >> Caixa dos apelidos
- >> Caixa dos nomes
- >> Cartografía dos apelidos en Galicia
- >> Chámame con xeito
- >> Distribución xeográfica dos apelidos
- >> Distribución xeográfica dos nomes
- >> Nomes de neno e de nena
- >> Nomes galegos
- >> Dígocho eu!



Notas da sesión

A large, empty rectangular box intended for taking notes during the session.